

## EXERCICIOS DE AUTOAVALIACIÓN

1. Cales son as principais características lingüísticas do galego do primeiro terzo do século XX? e, cal é o contexto histórico e a situación sociolingüística?
2. Cales son as principais características lingüísticas do galego entre 1936 e 1975? e, cal é o contexto histórico e a situación sociolingüística?
3. Cales son as principais características lingüísticas do galego de finais do século XX e principios do XXI? e, cal é o contexto histórico e a situación sociolingüística?

### Solucións:

1. O galego que se escribe opta polos plurais (-aes) para as palabras polisílabas agudas rematadas en (-al) (*animaes*); polas terminacións (-zon, -zo / -za) (*nazón, silencio, distanza*); polos sufixos (-bre / -bel) (*posibre / posíbel*), pola desaparición do (-l) e o (-n-) intervocálicos en palabras cultas ou semicultas (*orgaizar, espeitago* por *organizar, espectáculo*); pola vocalización dos grupos cultos (*coleición, técnica...*) e pola invención de palabras patrimoniais ou semicultas que o galego non coñecía, senón como cultismos (*cadeirádego* por *catedrático*).

A principios do século XX conséntase unha recuperación do galego como idioma literario, cultural e histórico; asemade patentízase un descenso no nivel de uso oral. A lingua galega non vive aínda unha situación normalizada e iso provoca un retroceso en medios sociais -clases altas e medias- e en ámbitos xeográficos -urbanos- concretos. Porén, pouco a pouco, o galego consegue acceder a novos ámbitos de uso, que ata o de entón lle estaban vedados: ensaio, narrativa, discursos políticos, actos públicos.

2. En canto ao proceso normativizador, suprimiuse o apóstrofo e os guións, non se usa a segunda forma do artigo despois de verbo e préferense plurais en (-es), previa perda de (-l) do tipo *animaes, azues*. Aparece a *Gramática Elemental del Gallego Común* (1966) e o proxecto *Galego 1, 2, 3*, co que a loita pola normativización está servida para a década dos setenta.

En canto ao proceso normalizador, son malos tempos para a normalización do galego. A Guerra Civil española e o inicio do franquismo provocou a desaparición da lingua galega da escena pública, do ensino e das actividades socio-económicas. Aqueles que tiveron como única vía o exilio –Castelao, Eduardo Blanco Amor, Luis Seoane, Rafal Dieste...- foron quen de manter viva a chama da cultura, do idioma e da identidade de Galicia. O desenvolvemento cultural galego ten agora o seu escenario en Arxentina, Venezuela, México e Cuba, entre outros países. Esta situación empeza a cambiar polos anos cincuenta coa creación da Editorial Galaxia.

3. Esta é a etapa que se inicia coa disputa pola normativización entre a RAG. e o ILG. (reintegracionistas, lusistas vs. Isolacionistas / nacionalistas) e remata coa normativización definitiva do galego estándar (*Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*).

Mentres o proceso normalizador segue aberto. A Administración cada vez fai máis intentos por normalizar, pero estes non semellan ser suficientes ou acertados, polo que o proceso se fai moi lento.